



### XUNTA DE GALICIA

#### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

##### *Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

Otero Transformación Maderera S.A. solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.78341.

As obras solicitadas consisten na demolición, construción e ampliación dunha nave para almacén e secadoiro de madeira, no predio con referencia catastral 27027C003004930000DA; na zona de policía do Río Batán; no lugar da Pena, na parroquia de San Xurxo de Lourenzá, no concello Lourenzá (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Lourenzá ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 11 de novembro de 2021.- O xefe do Servizo Territorial de Lugo P.S. 18/08/2021, O xefe do Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galicia-Norte, Néstor Rodríguez Arias.

R. 3259

### CONCELLOS

#### ALFOZ

##### *Anuncio*

#### Información pública

Aprobado por Decreto da Alcaldía, do 9 de novembro de 2021 os seguintes padróns correspondentes ao terceiro trimestre de 2020:

- ◆ Padrón da taxa polo abastecemento de auga, no que se inclúe o canon de auga, taxa de vertedura e dereito de acometida.
- ◆ Padrón da taxa por recollida de lixo

De conformidade co disposto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, O Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, e as ordenanzas reguladoras correspondentes, expónse ó público polo prazo de quince días contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no BOP de Lugo, a efectos de exame e reclamacións. Fixase o período de cobro en voluntaria dende o 10 de decembro ata o 10 de febreiro de 2021, ámbolos dous inclusive.

A falta de pagamento no período voluntario no tocante a auga, lixo e dereito de acometida, pasarase ó seu cobro pola vía de constrinximento, coas recargas previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

E canto ao canon da auga e taxa de vertedura, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia

Recurso; Contra o acordo de aprobación dos padróns de abastecemento de auga e recollida de lixo poderá interporse recurso de reposición. O prazo de presentación será un mes contado dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público dos padróns ante o Alcalde.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do canon da auga e taxa de vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de un mes dende que se entende producida a notificación

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria

Alfoz, 10 de novembro de 2021.- O alcalde, Jorge Val Díaz.

R. 3238

### *Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de 11 de novembro de 2021, apróbase a Convocatoria e as Bases Específicas para a selección de persoal temporal dun/dunha “**OPERARIO DE SERVICIOS MÚLTIPLES**” (PROGRAMA: FOMENTO DE EMPREGO 2021 – PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2021 DA DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO) e creación dunha listaxe de emprego temporal.

#### **CONVOCATORIA**

O obxecto desta convocatoria é proceder á provisión, con carácter provisional, do seguinte emprego no Concello de Alfoz.

#### **Denominación e características obxecto da convocatoria do emprego de “Operario de Servizos Múltiples”:**

- **Nº empregos:** 1.
- **Denominación:** Operario de Servizos Múltiples – Programa Fomento de Emprego 2021
- **Réxime Xurídico:** Funcionario interino (art. 10.1.c/ EBEP).
- **Clasificación:** Grupo de Agrupacións profesionais (A.P.).
- **Duración vínculo de servizo:** 10 meses desde a formalización do contrato e cun límite temporal do 31/10/2022.
- **Duración xornada:** Xornada a tempo completo (100%)

#### **Listaxe de emprego temporal para a praza de “Operario de Servizos Múltiples”**

- **Modalidade da listaxe:** Específica

O extracto da convocatoria e as bases específicas publicarase no Boletín Oficial da Provincia (BOP), no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web ([www.concellodealfoz.com](http://www.concellodealfoz.com)).

**Prazo de presentación:** Será de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria e das bases no BOP.

**Lugar de presentación:** Será no Rexistro Xeral do Concello ou a través das formas establecidas na vixente Lei do Procedemento Administrativo Común.

**BASES ESPECÍFICAS POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN PARA CUBRIR UN EMPREGO: “OPERARIO DE SERVICIOS MÚLTIPLES”, FUNCIONARIO INTERINO (ART. 10.1.c/ EBEP), A TRAVÉS DO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, AO ABEIRO DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2021 – PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2021 E CREACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL.**

#### **1. OBXECTO.**

Constitúe o obxecto das presentes bases específicas, que complementan as bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal para prestar servizos no concello de Alfoz publicadas no BOP de Lugo de data 23 de novembro de 2017, a regulación do procedemento de selección mediante sistema de concurso-oposición do posto de “**OPERARIO DE SERVICIOS MÚLTIPLES**” a xornada completa ao abeiro do Programa de Fomento do Emprego 2021 de conformidade co Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021 da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP de Lugo de data 12 de xaneiro de 2021.

#### **2. DENOMINACIÓN DO EMPREGO E CARÁCTERÍSTICAS:**

- **DENOMINACIÓN:** OPERARIO DE SERVICIOS MÚLTIPLES.
- **Grupo/subgrupo Profesional:** aGRUPACIÓNS PROFESIONAIS (A.P.).

- **Réxime Xurídico:** Funcionarial (funcionario interino do artigo 10.1.c/ “*execución de programas de carácter temporal*” do RDL 5/2015, do 30 de outubro, Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público).
- **DURACIÓN DO VÍNCULO de servizo:** 10 MESES desde a formalización do contrato e cun límite temporal do 31 de outubro de 2022.
- **tempo Xornada:** A tempo completo.
- **cometido funcional:** Consistirá na realización de tarefas de apoio na limpeza viaria e no servizo de abastecemento de auga potable, limpeza zonas verdes, pequenas reparacións e calquera outra que se desprenda dos diferentes servizos municipais e acorde coa súa cualificación, non relacionada anteriormente, que lle encomende a autoridade municipal no exercicio das súas funcións.

3.- **RETRIBUCIÓNS:** Soldo correspondente as Agrupacións Profesionais (A.P.), nivel complemento de destino 14 e complemento específico 49,18 €/mes. (Dúas pagas extras ou, se é o caso, a parte proporcional correspondente).

#### 4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

##### a) Xerais:

- **Titulación Académica mínima necesaria para participar no proceso selectivo:** Certificado de estudos primarios ou equivalente.

##### b) Específicos:

- **Carné de conducir “B” en vigor.**
- **Estar inscrito na Oficina de Emprego** en situación de desemprego ou de mellora de emprego, que deberá acreditarse con certificación ou informe da Oficina de Emprego.
- Nivel de coñecemento do idioma galego esixido para realizar as funcións da praza/posto/emprego convocado: **CELGA 1** ou se carece desta acreditación a persoa aspirante someterase obrigatoriamente á proba de coñecemento do idioma galego.

Os anteriores requisitos, deberanse posuír con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo.

#### 5. SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO - OPOSICIÓN.

##### 5.1. FASE DE OPOSICIÓN.

- Proba de coñecementos xerais e específicos. Obrigatoria e eliminatória

A proba a realizar na fase de oposición consistirá nun exame teórico e/ou práctico relacionada coas tarefas a desempeñar no posto de traballo e coa duración que que o Tribunal cualificador determine con carácter previo ao seu inicio.

- Esta proba é obrigatoria e eliminatória.
- Cualificarase ata un máximo de 20 puntos, sendo a puntuación mínima para superala 10 puntos.

##### 5.2. FASE DE CONCURSO. BAREMO DE MÉRITOS (puntuación máxima 14 puntos).

###### Cráterios xerais para todos os apartados do baremo:

- Só se valorarán os méritos que a xuízo do Tribunal estean debidamente acreditados.
- Non se valorarán os méritos acreditados que non estean relacionados, a xuízo do Tribunal, coas funcións sinaladas do emprego convocado.

###### 5.2.1 Experiencia profesional (puntuación máxima de 8 puntos).

###### Cráterios xerais:

- O cómputo dos días de experiencia profesional realizarase conforme aos días acreditados no informe de vida laboral.
- A experiencia nas Administracións Públicas e/ou nas Entidades do Sector Público puntuarase se a relación de servizos é funcionarial, laboral ou, se é o caso, autónoma.
- No suposto de ser autónomo a puntuación realizarase segundo o tempo certificado polas Administracións Públicas ou polas Entidades do Sector Público que corresponda.
- A puntuación da experiencia profesional en entidades privadas realizarase en atención a denominación dos servizos prestados que figuren no contrato de traballo ou na nómina.

**Criterios de puntuación:****a) Experiencia profesional nas Administracións Públicas e/ou nas Entidades do Sector Público.**

- Desempeño nas mesmas prazas/postos/empregos que se convoca: Valorarase a razón de 0,20 puntos por cada 30 días de traballo.
- Desempeño da prazas/postos/empregos con funcións similares: Valorarase a razón de 0,10 puntos por cada 30 días de traballo.

**b) Experiencia profesional en Entidades Privadas.**

- Desempeño do mesmo posto/emprego: Valorarase a razón de 0,14 puntos por cada 30 días de traballo.
- Desempeño de postos/empregos similares: Valorarase a razón de 0,07 puntos por cada 30 días de traballo.

**5.2.2. Carné de conducir**

- Por ser titular do carné de conducir “C” e telo en vigor: 2 puntos.

**5.2.3. Formación Complementaria (puntuación máxima 4 puntos).****Criterios xerais:**

- So se valorarán os cursos convocados, impartidos ou homologados pola Administración Pública.
- Non se puntuarán as materias que formen parte dunha titulación académica, nin de masters propios.
- Non se puntuarán as accións formativas que non acreditan as horas de duración.

**Criterios de Puntuación:**

- Cursos, xornadas, seminarios, congresos, masters propios e similares:

TIPO DE CURSOS	PUNTUACIÓN POR HORA
Asistencia.	0,015
Aproveitamento.	0,025

**6.- PROBA DE GALEGO.**

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece que:

*“[...] para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do Galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega consonte a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega.”*

Aquelas persoas aspirantes que non acrediten o nivel de galego sinalado nos requisitos deberán realizar esta proba que poderá consistir, alternativamente, na tradución dun texto en castelán para o galego ou en galego para o castelán.

Esta proba é obrigatoria e eliminatória e cualificarase con apto ou non apto.

**7. REQUISITO PREVIO Á CONTRATACIÓN.**

Conforme ao artigo 7.1 das Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2021, publicadas no BOP de Lugo número 8 do día 12 de xaneiro de 2021, no programa de Fomento de Emprego, é imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa, quedando excluídos os custes de persoal referidos a traballadores incluídos no cadro de persoal vixente do concello.

A persoa que sexa proposta para este posto de “Operario de Servizos Múltiples”, deberá presentar, ademais da documentación especificada nas bases xerais, a seguinte documentación:

- Documentación (certificado, informe ou tarxeta de demanda actualizada) da Oficina de Emprego onde se acredite que está desempregado ou en mellora de emprego.

**8. CREACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL ESPECÍFICA.**

A finalidade desta listaxe de emprego é atender as necesidades futuras de persoal temporal derivadas da propia convocatoria.

A listaxe de emprego temporal estará integrada polas persoas que superaron o proceso selectivo, pero non resultaron seleccionadas, ordenadas de maneira decrecente polas puntuacións obtidas.

A regulación desta listaxe está recollida nas Bases Xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter provisional ou temporal, para prestar servizos ao Concello de Alfoz, aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 16 de novembro de 2017 e publicada no BOP número 269 de 23 de novembro de 2017.

Alfoz, 11 de novembro de 2021.- O Alcalde, JORGE VAL DÍAZ.

R. 3260

---

## CERVO

### *Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria de 15 de novembro de 2021, o expediente de modificación de crédito núm. 22/2021 por crédito extraordinario núm. 2/2021, dentro do vixente Orzamento Municipal para 2021, en cumprimento do disposto nos artigos 38 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril e 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e disposicións concordantes, expónse ao público na Intervención do Concello por prazo de 15 días hábiles, que empezarán a contar dende o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao fin de que durante o mesmo os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións, que deberán ser dirixidas ao Alcalde - Presidente desta Corporación.

Cervo, 15 de novembro de 2021.- O alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 3269

---

### *Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria de 15 de novembro de 2021, o expediente de modificación da plantilla de persoal, dentro do vixente Orzamento Municipal para 2021, en cumprimento do disposto nos artigos 126 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril e 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e disposicións concordantes, expónse ao público na Intervención do Concello por prazo de 15 días hábiles, que empezarán a contar dende o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao fin de que durante o mesmo os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións, que deberán ser dirixidas ao Alcalde - Presidente desta Corporación.

Cervo, 15 de novembro de 2021.- O alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 3270

---

## FOZ

### *Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 8 de novembro de 2021, aprobaronse os Padróns da Taxa por subministro de auga, canon de auga, recollida de lixo, sumidoiros e depuración, correspondentes ao 5º bimestre de 2021, así como a apertura dun período de información pública por prazo de vinte días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no B.O.P. para consultar o seu contido e presentar as alegacións que estimen oportunas, rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O período de cobro en período voluntario fíxase entre o 15 de novembro de 2021 e o 15 de xaneiro de 2022.

Contra este acto e as liquidacións correspondentes poderase presentar recurso de reposición, previo ao contencioso-administrativo, no prazo de un mes a contar dende o día seguinte á finalización do prazo de exposición pública dos Padróns, sendo procedente no caso do canon da auga a reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciarase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as débedas os recargos do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

No caso do canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 201.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Foz, 8 de novembro de 2021.- O ALCALDE, FRANCISCO CAJOTO CASERÍO.

R. 3261

## LÁNCARA

### Anuncio

O Pleno do Concello de Láncara en sesión ordinaria realizada o día 7 de outubro de 2021 acordou aprobar inicialmente a modificación da base 30ª das bases de execución do presuposto para 2021 e aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 15/2021 do orzamento xeral do Concello de 2021. O citado acordo foi exposto ó público polo prazo de 15 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de Lugo de 18/10/2021 sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado, co seguinte resumo por capítulos do orzamento:

#### Estados do gastos

Capítulo I	Gastos de Persoal	867.163,69
Capítulo II	Gastos en bens correntes e servizos	1.383.579,28
Capítulo III	Gastos Financeiros	478,56
Capítulo IV	Transferencias Correntes	42.400,00
Capítulo V	Fondo de Continxencia	3.500,00
Capítulo VI	Investimentos Reais	1.288.870,11
Capítulo VII	Transferencias de Capital	31.000,00
Capítulo VIII	Activos financeiros	0,00
Capítulo IX	Pasivos financeiros	6.600,00

#### Estado de ingresos

Capítulo I	Impostos directos	583.417,65
Capítulo II	Impostos indirectos	25.000,00
Capítulo III	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	297.502,16
Capítulo IV	Transferencias Correntes	1.279.885,06
Capítulo V	Ingresos patrimoniais	6.379,25
Capítulo VI	Alleamento de investimentos reais	0,00
Capítulo VII	Transferencias de capital	552.732,80
Capítulo VIII	Activos financeiros	878.674,72
Capítulo IX	Pasivos financeiros	0,00

Contra o presente acordo, en cumprimento do disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición.

Láncara, 11 de novembro de 2021.-O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 3262

**AS NOGAIS***Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 11 de novembro de 2021 aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de outubro de 2021.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

As Nogais, 11 de novembro de 2021.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 3263

**MINISTERIO DE FACENDA****BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) - MONFORTE DE LEMOS***Anuncio*

PROGRAMA DE AYUDAS MUNICIPALES A LA CREACIÓN DE EMPRESAS DEL AYUNTAMIENTO DE MONFORTE DE LEMOS, 2021

BDNS (Identif.): 593212

De conformidade con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/593212>)

**OBJETO**

La presente disposición tiene por objeto fijar las bases reguladoras y convocar la concesión, para el año 2021 del PROGRAMA DE FOMENTO DE LA INICIATIVA EMPRESARIAL EN EL AYUNTAMIENTO DE MONFORTE DE LEMOS, con la finalidad de colaborar de una forma activa en la generación de empleo en el municipio apoyando la puesta en marcha de nuevos proyectos empresariales.

**BENEFICIARIOS/AS**

Podrán acogerse a estas ayudas los/as empresarios/as individuales y las pequeñas y medianas empresas (PYME), independientemente de su forma jurídica, que iniciasen su actividad empresarial entre el 1 de noviembre de 2020 y el 31 de octubre de 2021.

**TIPO Y CUANTÍA DE LAS AYUDAS**

La financiación de estas ayudas se hará con cargo a la partida presupuestaria 241.480.00. La cuantía máxima dentro de los créditos disponibles para el ejercicio 2021 es de 30.000,00 €.

La finalidad de las ayudas es subvencionar parte de los gastos de la puesta en marcha y del funcionamiento de la empresa durante los primeros meses de actividad. El importe máximo será de 1.500,00 € por beneficiario y no podrá superar el 50% de los gastos efectuados durante el período indicado.

Esta cuantía se incrementará en un 25% en caso de que la persona beneficiaria sea:

- mujer
- persona con discapacidad

**PLAZO DE PRESENTACIÓN**

El plazo de presentación de solicitudes será desde el día siguiente al de la publicación del extracto de esta convocatoria en el BOP de Lugo y hasta o 30 de noviembre de 2021.

MONFORTE DE LEMOS, 4 de noviembre de 2021.- El alcalde, JOSÉ TOMÉ ROCA.

R. 3264

**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) – RIBADEO***Anuncio***SUBVENCIONS CONCORRENCIA DEPORTES 2021**

BDNS (Identif.): 594689

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/594689>)

Aprobadas por Resolución da Alcaldía Presidencia de data 11/11/2021, as bases reguladoras da convocatoria pública de Subvencións Municipais do Concello de Ribadeo para o exercicio 2021 referente a AREA DE DEPORTES, faise público un extracto das mesmas así como a apertura de prazo para presentación de solicitudes, co seguinte teor:

**Finalidade e obxecto.-** A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento de axudas económicas para que os interesados realicen as seguintes actividades: deportivas, e con carácter xeral, todas aquelas actividades de intereses para os veciños do concello que representen unha mellora da calidade de vida dos mesmos ou da cohesión social das áreas citadas.

As subvencións obxecto desta convocatoria efectuaranse con cargo á partida 2021 .231,48901 “Deportes”. Transferencias Correntes” por un importe máximo de 5.000,00.

**Destinatarios.-** Poderán solicitar estas subvencións: as entidades e asociacións sen finalidade de lucro, domiciliadas en Ribadeo legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións; as persoas físicas ou colectivos para iniciativas temporais de interese cidadán, sen ánimo de lucro, sempre que, en ambos casos, non teñan recoñecida subvención nominativa nos orzamentos municipais.

Excepcionalmente cando a actividade teña interese para o municipio, xa sexa de carácter social, económico ou humanitario, poderase conceder unha subvención a entidades foráneas, ou non inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións. A fundamentación de dito interese se acreditará mediante a achega dunha memoria o efecto

**Procedemento e Prazo.-** O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais a partir do día seguinte á publicación das presentes bases ou o su extracto nos diarios oficias correspondentes (BOP de Lugo e/ou DOG). Tomarase como data para inicio do prazo a da última publicación que se realice. O procedemento de concesión seguirase conforme ao artigo 22 da Lei de Subvencións de Galicia, con carácter abreviado, podendo presentarse conxuntamente a solicitude e a xustificación, de ser o caso.

**Documentación a presentar.-** A que figura na base 8ª das aprobadas pola resolución da Alcaldía, existindo modelos a disposición dos solicitantes na páxina web [www.ribadeo.org](http://www.ribadeo.org) e nas oficinas municipais.

**Xustificación.-** O prazo de xustificación rematará, o 31 de xaneiro de 2022, debendo presentar a documentación a que se refire o artigo 11 das bases.

Poderase consultar o texto íntegro das Bases Reguladoras nas dependencias municipais e na páxina web [www.ribadeo.org](http://www.ribadeo.org)

Ribadeo, 11 de novembro de 2021.- O Alcalde, Fernando Suárez Barcia.

R. 3265

**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) – O VALADOURO***Anuncio***Axudas ao transporte curso 2021/2022**

BDNS (Identif.): 594708

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/594708>)

Convocatoria de axuda para o transporte de estudantes de Bacharelato e ciclos formativos en centros públicos da Comarca de A Mariña -Curso 2021/2022

BDNS (Identif.): 594708

a) Crédito orzamentario: 10.000 euros. Partida de imputación: 323.480.

b) Obxecto, condicións e finalidade:

O obxectivo é a concesión de axudas económicas individuais destinadas a sufragar os gastos de desprazamento daqueles alumnos/as do Concello que estudian fóra do termo municipal bacharelato e ciclos formativos en



centros de ensinanza sostidos con fondos públicos, mediante o uso prioritario do transporte público, nalgunha das seguintes modalidades, e sempre dentro da comarca de A Mariña: Bacharelato, Ciclo de formación profesional básica, ciclo medio de formación profesional e Ciclo superior de formación profesional, todos eles nas modalidades de Réxime ordinario, Réxime das persoas adultas modalidade presencial (oferta modular) e Formación profesional dual.

A finalidade é favorecer a escolarización non obrigatoria nos niveis de bacharelato e ciclos de formación profesional, así como o uso do transporte público.

A tales efectos os estudantes deben estar matriculados en centros sostidos con fondos públicos da Comarca de A Mariña, integrada por:-Comarca de A Mariña Oriental: Barreiros, Ribadeo, Trabada e A Pontenova.-Comarca de A Mariña Central: Burela, Valadouro, Alfoz, Foz, Lourenzá e Mondoñedo.-Comarca de A Mariña Occidental: O Vicedo, Xove, Viveiro, Cervo e Ourol.

c) Réxime de convocatoria: Concorrenza competitiva.

d) Beneficiarios e requisitos:

As axudas poderán ser solicitadas polas familias das/os alumnas/os, e concreto polo menos un dos proxenitores naturais e por adopción dos menores titulares do Libro de Familia, os seus titores legais, ou polas/os propias/os alumnas/os se son maiores de idade, cando se reúnan os seguintes requisitos:

a.- Toda a unidade familiar, engadido o alumno, deberá cumprir o requisito de estar empadroada/o e ter residencia efectiva no Concello de O Valadouro, salvo no suposto de independencia do solicitante, que se considerará tal se no momento da solicitude ten contrato de traballo en vigor, e en cuxo caso se requirirá o empadramento e residencia efectiva persoal.

b.- Encontrarse matriculado, durante o curso académico que se inicie na anualidade da convocatoria, nalgún dos estudos indicados na base primeira impartidos en centro educativo sostido con fondos públicos da Comarca de A Mariña e manter dita matrícula ata o remate do curso.

c.- O estudante non pode ter cumpridos os 30 anos, tanto no momento da convocatoria como dentro do ano natural no que se publique a mesma.

d.- Non ser o solicitante nin o beneficiario debedor/a a Facenda Municipal, Autonómica ou Estatal así como a Seguridade Social.

e.- Non ter pendente de xustificación ningunha subvención concedida polo Concello de O Valadouro.

f.- Non poderán optar a estas subvencións as persoas e entidades ás que se refiren os artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o artigo 10 da lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

g.- Ter unha porcentaxe de asistencia ao centro educativo como mínimo do 90%.

h.- Utilizar o transporte público sempre que exista unha liña de autobús compatible coa xornada lectiva.

e) Documentación a presentar:

a.-Impreso de solicitude (Anexo I) e declaración xurada (Anexo II).

b.-Fotocopia do D.N.I. ou N.I.F. do solicitante (en caso de alumnos/as menores de idade) e do alumno/a.

c.-Fotocopia do Libro de Familia.

d.-Certificado de empadramento e convivencia.

e.-Certificado ou acreditación de estar matriculado nos estudos para os que se solicita a axuda.

f.-Certificación de titularidade da conta bancaria onde efectuar o ingreso. No caso de alumnos/as maiores de idade, deberán ser titulares da conta bancaria.

g.-Declaración doutras axudas obtidas para a mesma finalidade, no modelo normalizado.

h.-Declaración acreditativa do cumprimento dos requisitos, obrígase condicións necesarias para a obtención da axuda, no modelo normalizado. (Anexo III) onde conste que non anulará matrícula, que destinará a contía económica aos fins establecidos durante o curso académico correspondente.

f) Unidade tramitadora: Concelleira delegada de Servizos Sociais, Educación, Deportes, Muller, Familia e Conciliación.

Órgano competente resolución: Alcaldía

g) Prazo de presentación de solicitudes: 30 DIAS HÁBILES contados a partir do día seguinte da publicación da presente no BOP e na BDNS.

h) Prazo de resolución e notificación: 6 meses.

i) Admítese a reformulación de solicitudes.

j) A resolución de concesión pon fin á vía administrativa, cabendo a presentación de recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo de un mes ou ben contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

k) Criterios de valoración: No suposto de que o número de solicitudes presentadas na convocatoria correspondente, que cumpran os requisitos das presentes bases, superase a cantidade orzamentaria total asignada, a mesma non se verá modificada, reducíndose en todo caso de forma proporcional a contía asignada a cada beneficiario.

l) Medio de notificación: A resolución notificarase aos interesados por publicación no taboleiro de anuncios, sede electrónica, e serán notificados individualmente. Transcorrido o citado prazo sen que se renuncie á subvención, se entenderá tacitamente aceptada.

m) Outros datos.

As solicitudes formularanse no modelo normalizado existente nas oficinas de rexistro do Concello e publicados no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello, presentánsense no Rexistro de entrada do Concello ou por calquera dos medios sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O Valadouro, 1 de novembro 2021.- Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 3266

## MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

### CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO – SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

*Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

**Expediente: A/27/34797**

Asunto: Solicitud de concesión de aproveitamiento de augas

Peticionario: M<sup>a</sup> Isabel Pena Seijas

Nombre de la captación: manantial Fonte da Calzada

Caudal solicitado: 0,08 l/s

Punto de emplazamiento: Sutorguedo, parroquia de As Negradas (San Vicenzo)

Término Municipal y Provincia: Guitiriz (Lugo)

Destino: Uso doméstico

#### BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

La captación se realizará en el manantial Fonte da Calzada mediante una arqueta de 0,80 x 0,80 x 1 m desde la cual las augas se conducen mediante tubería hasta las viviendas a abastecer.

Lo que se hace público para general conocimiento por un prazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de Guitiriz, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

A este respecto, y mientras existan limitaciones de acceso como consecuencia de los riesgos sanitarios derivados del riesgo de contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y tener en cuenta las MEDIDAS DE SEGURIDAD que se establezcan.

Lugo, 11 de noviembre de 2021.-EL JEFE DEL SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 3267

*Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

**A/27/27984-1**

---

Emilio José González Lorenzo, con N.I.F. \*\*2673\*\*\*, y César Rodríguez Pedrido, con N.I.F. \*\*2697\*\*\*, solicitan autorización para efectuar obras dentro de la de la Zona de Policía de Cauces y sobre el Dominio Público Hidráulico.

Las obras consistirán en la ejecución de dos pasos y legalización y remate de la vivienda situada en la margen derecha de un arroyo innominado y la rúa Cardenal Páramo Somoza 31, localidad y T.M. de Pantón (Lugo).

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, LUGO), donde estará de manifiesto el expediente de acuerdo con las normas de consulta derivadas de la situación sanitaria, pudiendo informarse previamente en el teléfono 982 265260 o en email registro.lugo@chminosil.es

Lugo, 10 de noviembre de 2021.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 3268

---